

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 16 DE NOVEMBRO DE 2015.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 47 DE DATA 9 DE NOVEMBRO DE 2015.

Acordouse aprobar a acta núm. 47/2015 de data 9 de novembro de 2015, da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local.

2.- LICENZAS DE OBRA.

2.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para planta de bioxestión sostible na parcela sita no Monte Saldoiro, Castro de Cabras - Lalín (exp. 7748/15).



2.2.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para cerramento de piscina en Espiño, 4, Filgueira, Lalín.

3.- AUTORIZACIÓNS NA VÍA PÚBLICA.

3.1.- Conceder autorización para a instalación da infraestrutura do Circo Roy- “Circo Juega y Canta” na zona do parking do Centro Comercial-Deza Eroski entre os días 16 e 22 de novembro de 2015, todo elo de conformidade co informe emitido polo arquitecto técnico municipal de data 16 de novembro de 2015.

4.- EXPEDIENTE BASES DO XXIIº PREMIO NACIONAL DE PERIODISMO GASTRONÓMICO ÁLVARO CUNQUEIRO.

4.1.- Acordouse aprobar as Bases do *XXIIº Premio Nacional de Periodismo Gastronómico Álvaro Cunqueiro*.


5.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.

5.1.- Acordouse Aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Lalín para a celebración da Cabalgata de Reis Magos o día 5 de xaneiro de 2016, que consta de dez cláusulas, asumindo as obrigas e compromisos que nel constan.

6.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

6.1.- Acordouse aprobar a devolución dos avais por importes de 4.500,00 euros (operación núm. 20145702), 1.500,00 euros (operación núm. 20152376) e 2.000,00 euros (operación núm. 20134798), depositados na Tesourería Municipal como garantía para responder dos expedientes 6437/11 LMT CT RBT Bergazos, expte 7647/14 MD2014RGPC01909 RÚA 23 e expte 7091/13 SGD RUA Z nº 9 (rúa da Calzada).

6.2.- Acordouse aprobar a devolución de fianza por importe de 1.000,00 euros, depositada na Tesourería Municipal, como garantía para responder do proxecto LMT para unha granxe en Lebozán.



7.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

7.1.- Aprobouse a certificación de obra núm. 4 E FINAL da obra “ACONDICIONAMENTO NOS CENTROS SOCIAIS DE MUIENTA, LOSON E LODEIRO, LALIN”.

8.- FACTURAS E CONTAS.

8.1.- Acordouse aprobar as Relacións de facturas que se presenta para a súa aprobación pola XGL do 16 de novembro:

Relación nº 159 e nº 160 por importe global de 153.104,13 euros.

9.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

9.1.- Acordouse renunciar á subvención concedida ao Concello de Lalín ao abeiro da Orde do 22 de abril de 2015.

9.2.- Acordouse autorizar a substitución do vehículo co que presta o servizo de taxi da licenza nº 3.


9.3.- Acordouse conceder unha tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía nº 12/2015.

9.4.- Acordouse a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía nº 17/2013.

9.5.- Acordouse aprobar as contas xustificativas por varios beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro das *Bases reguladoras da concesión de subvencións para as festas parroquiais e actividades culturais e educativas para o ano 2015*.

9.6.- Acordouse aprobar a alta na taxa por entrada de vehículos a través das beiravías e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías na rúa Areal núm. 26, baixo, Lalín.

9.7.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar



Secretaría Xeral

gastos de primeira necesidade por importe de 150,00 €.

9.8.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 90,00 €.

9.9.- Acordouse aprobar o programa Campaña Nengún Neno e Nena sen Xoguete 2015.

9.10.- Acordouse aprobar a modificación dos dous VALE 1 por dous VALE 3 para unha beneficiaria de bolsas complementarias ao estudo.

9.11.- Acordouse dar de alta a un usuario no programa Xantar na Casa.

9.11.- Acordouse dar de baixa un usuario no programa de Xantar na Casa.

9.12.- Acordouse aprobar unha baixa no Servizo de Axuda no Fogar, modalidade para persoas en situación de dependencia, a ampliación no Servizo de Axuda no Fogar modalidade para persoas en situación de dependencia e aprobar unha ALTA no Servizo de Axuda no Fogar modalidade para persoas en situación de dependencia.

9.13.- Acordouse recoñecer a obriga derivada da parte dispositiva da sentenza firme nº 237/2015, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 83/2015.


9.14.- Acordouse recoñecer a obriga a favor da Mancomunidade Terras de Deza por importe de 53.820 €.

9.15.- Acordouse aprobar a LIQUIDACIÓN OUTUBRO 2015 DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR, DEPENDENCIA.

9.16.- Acordouse aprobar a LIQUIDACIÓN OUTUBRO 2015 DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA.

9.17.- Acordouse celebrar un contrato menor para a montaxe, instalación, mantemento, desmontaxe, transporte e almacenamento de materiais para a iluminación extraordinaria ornamental de Nadal no Concello de Lalín.

9.18.- Acordo de aprobación representante do Concello de Lalín ante a Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra.



9.19.- Acordouse aprobar o PADRÓN DAS TAXAS POR ABASTECIMENTO DE AUGA E DE SUMIDOIROS (3º TRIMESTRE DE 2015).

9.20.- Acordouse a concesión dun posto de venda ambulante para os días de feira que quedan do ano 2015.

10.- CORRECCIÓN DE ERROS.

10.1.- Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 30 de outubro de 2015, no punto 5.15 expedientes de persoal.

10.2.- Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 30 de outubro de 2015, no punto 5.9 expedientes de persoal.

11.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

11.1.- Dáse do escrito presentado no que se solicita permiso para o corte puntual e uso da Praza da Vila para facer unha concentración coa cidadanía lalinense de repulsa contra a violencia de xénero, así como actividades de sensibilización con motivo da conmemoración do 25 de novembro de 2015, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

11.2.- Dáse conta do escrito presentado solicitando a instalación dun contedor papel-cartón e unha zona de carga e descarga, na rúa da Ponte, núm. 7, Lalín.

11.3.- Dáse conta do escrito presentado para poder utilizar de maneira gratuita o Novo Salón Teatro do Auditorio Municipal o día 23 de decembro de 2015, dende as 11:00 horas ata ás 20:00 horas, con motivo da celebración dun festival de Nadal.

11.4.- Dáse conta da solicitude presentada en relación co programa de asesoramento de gandeiros para o ano 2015, solicitando a cesión dunha das Salas (capacidade para 20 alumnos) sitas na primeira planta das dependencias da UNED de Lalín o día 20 de novembro de 2015, en horario de 10:00 horas ás 13.00 horas, para a realización dunha proba avaliatoria.

